

A ERA DAS REVOLUCIÓNS

1. Os procesos revolucionarios.
2. A Revolución das Trece Colonias.
3. A Revolución Francesa (1789-1799).
4. Fases da Revolución Francesa.
5. A Europa napoleónica.
6. A Restauración.
7. **Glosario:** Revolución, Antigo Réxime, Ilustración, Estamentos, Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán, Congreso de Viena, Santa Alianza.

1. ANTIGO REXIME E ILUSTRACIÓN.

As reformas ilustradas NON solucionaron os problemas do Antigo Réxime polo que a finais do século XVIII recórrase á vía revolucionaria

• O final do Antigo Réxime

- A **finais do século XVIII** inicianse as revolucións que acaban co Antigo Réxime.
- Denomínanse **revolucións burguesas** porque estiveron protagonizadas pola **burguesía** → os burgueses foron os grandes beneficiados dos cambios.
- Son **revolucións políticas**, se ben tamén cambiaron outros aspectos da sociedade.

• Os cambios revolucionarios

Cambios políticos

Obxectivos: rematar co absolutismo e implantar un sistema político liberal (baseado na soberanía nacional e na separación de poderes).

As primeiras revolucións políticas desenvolveranse en América do Norte en 1776 e en Francia en 1789

O seu impacto será tal, que a Revolución Francesa marcará a fin da Idade Moderna e o inicio da Idade Contemporánea.

Cambios económicos

Comeza a I Revolución Industrial, o que supón o fin da economía rural e agraria e o inicio da economía industrial e urbana.



Cambios sociais

Desaparece a sociedade estamental e aparece a sociedade de clases.

Agora a posición social baséase na valía e no mérito persoal, que se miden pola riqueza, polo que a burguesía pasará a converterse no grupo social predominante



2. A REVOLUCIÓN DAS TRECE COLONIAS.

Os primeiros colonos ingleses chegaron á costa leste de América do Norte (Nova Inglaterra) a comezos do século XVII.

A metade do século XVIII formáranse alí as chamadas Trece Colonias.

A finais do século XVIII, as Trece Colonias independizáronse de Gran Bretaña e protagonizaron unha revolución política que serviu de precedente para posteriores levantamentos.



2.1. Contexto do conflito:

- O Reino Unido quería dispoñer das materias primas americanas, pero non tiña intención de desenvolver a súa industria.
- Tiñan prohibido ocupar os territorios do Oeste (reservados para os británicos)
- O Reino Unido reservábase o monopolio comercial, dificultando o comercio entre as Trece Colonias e outras zonas de América.
- A tensión política agravou a situación pois:
 - Aínda que as Trece Colonias estaban baixo a autoridade do rei de Inglaterra, dispoñían de bastante autonomía.
 - A pesar de que os colonos debían pagar impostos, rara vez o facían, alegando que non tiñan representación no Parlamento británico (institución na que se aprobaban estes impostos).
- A isto hai que sumar a difusión das ideas ilustradas (polas que empezan a considerar ao goberno británico como despótico).

A base do problema era, por tanto, económica, pois as colonias vían na metrópole unha barreira para o seu desenvolvemento.

2.2. A gota que colmou o vaso

- En 1773, o Parlamento británico estableceu as **Tea Acts**, que deron o monopolio da venda de té nas colonias á Compañía inglesa das Indias Orientais. Esta medida prexudicaba aos comerciantes americanos, que responderon atacando uns barcos británicos cargados de té no porto de Boston → **motín do té**.
- Este acontecemento marcou o inicio da Guerra de Independencia americana.



2.3. A guerra de independencia (1773-1783)

- O **4 de Xullo de 1776**, os representantes das 13 colonias reúnen en *Philadelphia* e aproban a **Declaración de Independencia**.
- O exército americano, liderado por **G. Washington** (quen se converterá no primeiro presidente dos EE.UU), foi apoiado por Francia e España.
- Grazas ao **apoio francés e español** os rebeldes vencen aos británicos e firmarán a **Paz de Versalles (1783)** pola que os británicos recoñecen a independencia das colonias americanas → nacen os **Estados Unidos de América**.
- En 1787 aprobouse a **Constitución** de Estados Unidos, a primeira da historia. Nela recoñecía a soberanía nacional (eleccións) e a separación de poderes.

3. A REVOLUCIÓN FRANCESA (1789-1799).

4.1. As causas da revolución:



5.1. A gota que colmou o vaso

- En 1788 tivo lugar unha **dobre crise económica**:
 - **Crise alimentaria** (malas colleitas) → fame
 - **Crise financeira** (endebedamento do Estado polos gastos militares e da Corte)
- **Luís XVI convocou unha asemblea de notables para convencer aos privilexiados de que pagasen impostos.**



- Estes **negáronse** e esixiron a convocatoria de **Estados Xerais** (assemblea que reúne representantes dos tres estamentos e única assemblea con capacidade de aprobar novos impostos). Enseguida se xerou un **debate** polas peticións de cada grupo social (recollidas nos **Cadernos de Queixas**) e sobre quen representaba o pobo francés.

5.2. O inicio da revolución:

- Unha vez que se reúnen os Estados Xerais en 1789, **Luís XVI e os privilexiados pretendían discutir só de finanzas** e descartaban as reformas sociais que demandaban as clases populares.
- A **nobreza** e o **clero** pretendían **votar por estamento**, o que daría a maioría aos privilexiados. O **terceiro estado** desexaba, en cambio, o **voto por persoa**, que lles outorgaría a maioría.
- Ante a negativa do rei e dos privilexiados, os **representantes do Terceiro Estado** constituíron unha **Asemblea Nacional**, ao considerarse os únicos con lexitimidade para representar a Francia. Despois, na sala do **Xogo da Pelota**, os representantes do Terceiro Estado xuraron permanecer unidos ata dar a Francia unha Constitución. Por iso a Asemblea Nacional pasou a chamarse **Asemblea Constituínte**.

4. AS FASES DA REVOLUCIÓN FRANCESA.

4.1. A Asemblea continuínte (1789-1791)


- 4 de xullo de 1789 → a Asemblea Nacional, se transforma en **Asemblea Constituínte**.
- O medo e o aumento da tensión acaban desencadeando a **toma da Bastilla (14 de xullo de 1789)** na que o pobo de París se fai coas armas do exército. Este feito converteuse no símbolo da Revolución francesa.
- A partir de entón a revolución expandírase polas cidades e o campo dando comezo a unha nova etapa coñecida como “**O gran medo**” na que os campesiños protagonizaron revoltas antiseñoriais (asaltos a castelos, incendios de arquivos, campos, etc.).
- Primeiras medidas** da Asemblea Constituínte:
 - Abolición do feudalismo** (foron abolidos os privilexios da nobreza e do clero).
 - Aprobación da **Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán**, que recoñecía a liberdade, propiedade e igualdade ante a lei.
 - Creación dunha **Constitución** (1791) baseada na separación de poderes e o sufraxio censatario (só podían votar os homes maiores de 25 anos e cunha determinada renda).
- Tras a celebración de eleccións, en outubro de 1791 constituíuse a **Asemblea Lexislativa**.

4.2. A Asemblea Lexislativa (1791-1792)

- A Asemblea Lexislativa tivo que facer fronte á oposición da nobreza e do clero, que se resistían a perder os seus privilexios.
- O **monarca** tamén se opuxo a todas as medidas liberais do novo goberno.
- Moitos privilexiados emigraron e empezaron a conspirar contra a Revolución dende o exterior.
- **Luís XVI pediu axuda aos reinos veciños → Austria e Prusia invadiron Francia en 1792** e declararon a guerra aos revolucionarios.
- En agosto de **1792 Luís XVI foi atrapado mentres intentaba fuxir de Francia → a Asemblea encarcerouno e aboliu a monarquía proclamando a I República.**

4.3. A Convención Republicana (1792-1795)

- **Época convulsa** e de alternancia no poder entre os diferentes grupos revolucionarios: moderados (xirondinos) e radicais (xacobinos).
- As **principais medidas** que se levaron a cabo nesta fase foron:
 - **A abolición da monarquía** e a proclamación da República.
 - **Luís XVI será guillotinado** (1793) desencadeando unha guerra entre Francia e as potencias absolutistas en Europa.
- Destaca o goberno de **Robespierre** (xacobino) que ascende ao goberno en **1793** desenvolvendo unha **política de terror** e dando lugar á etapa máis sanguenta da revolución.



4.4. O Directorio e a fin da Revolución (1795-1799)

- En **1795**, debido á inestabilidade do período da Convención Republicana, promóvese unha nova **Constitución** que determina que o poder executivo debe recaer nun Directorio de 5 membros (para evitar así outra ditadura).
- Este Directorio terá que facer fronte a **numerosas campañas militares** (guerras contra os países absolutistas de Europa) nas que rapidamente destaca o xeneral **Napoleón Bonaparte**.
- En **1799 Napoleón**, apoiado pola burguesía, **leva a cabo un GOLPE DE ESTADO** e constitúe o **Consulado** (integrado por 3 cónsules). A partir dese momento irá concentrando progresivamente o poder na súa persoa.

5. A EUROPA NAPOLEÓNICA.

5.1. O Consulado (1799-1804)

- Napoleón acaparou todo o poder e isto reflectiuse nunha nova Constitución, na cal non había división de poderes.
- En 1799 foi nomeado **primeiro cónsul** e en 1802 proclamouse **cónsul vitalicio**.
- Asentado no poder, Napoleón tomou diversas **medidas para modernizar Francia**:
 - Elaborou un **código civil** que simplificou as leis.
 - Creouse o **Banco de Francia**
 - Reguláronse as **relacións coa Igrexa**.
- Os logros de goberno déronlle a Napoleón unha grande popularidade, permitindo que fose **nomeado Emperador en 1804** coa aprobación popular expresada nun plebiscito.

5.2. O Imperio (1804-1814)

- Como emperador, Napoleón vai **tentar estender a revolución** por Europa creando un grande imperio baixo a súa autoridade → **enfrentamentos** contra diferentes potencias en Europa.
- Logrará dominar gran parte de Europa Occidental, a excepción de Gran Bretaña.
- Nos países dominados, potenciará a difusión das ideas revolucionarias e colocará aos seus familiares a cargo dos gobernos (España con José Bonaparte).



5.3. A caída do Imperio napoleónico


- Napoleón estableceu un **bloqueio continental** para evitar o comercio británico con Europa. Como **Portugal non o aceptou**, Napoleón decidiu invadilo e, de paso, **ocupar España**, dando comezo a **guerra de Independencia en 1808**.
- A situación complicouse cando **Rusia comezou a comerciar co Reino Unido** e Napoleón intentou invadila, pero foi derrotado.



Fracaso na invasión rusa
(1812)



Derrota en España (1814)



Napoleón é desterrado e restablécese a **monarquía** en Francia con Luís XVIII

6. A RESTAURACIÓN.

6.1. A volta ao absolutismo

- Coa caída de Napoleón a Cuádrupla Alianza (formada por Austria, Prusia, Reino Unido e Rusia) reúnen-se no **Congreso de Viena** e acordan:
- A **restauración do Antigo Réxime**.
- A **reconstrución do mapa Europeo** → trazado de novas fronteiras.
- Para intentar manter o equilibrio → **dereito de intervención do exército da Santa Alianza** (Austria, Prusia e Rusia) en países ameazados pola revolución.
- A pesar dos intentos absolutistas, a Restauración non foi quen de impedir a expansión por Europa das novas ideas: o **liberalismo** e o **nacionalismo**.